Recíclate con SOGAMA

Tapóns para unha nova vida

Tapóns para unha nova vida

Lembrádesvos de Aitana? a nena que precisaba dunha operación á que axudamos xuntando tapóns de plástico?. Está moi leda porque, aínda que lle teñen que facer máis operacións, xa non precisa tanto a cadeira de rodas e pode xogar a algunha cousa que antes non podía.
Se vos parece ben imos seguir colaborando para poder facer realidade os soños de tantos nenos e nenas que o necesitan. Así que… xa sabedes!, xuntade moitos tapóns de plástico e botádeos no contedor que está á entrada do colexio.

Recollida selectiva

Recollida selectiva

Dentro das actividades do proxecto destacamos a recollida selectiva de lixo. Para isto instalaranse contedores de lixo nas aulas co fin de podermos clasificar e enviar para a reciclaxe todo o material posible. Así pois, sabede que:

Contedor AZUL. Debedes depositar papel (xornais, revistas, libros, papel de envalar ou envolver, libretas sen grapas nen anelas) e cartón. Non botedes nesta bolsa papeis de calco, briks ou papel e cartón suxos de grasa.

Contedor AMARELO. Debedes depositar envases de plástico (botellas de iogures, augas, bandexas de porespán, redes de envoltoiros de froita, bolsas, plásticos de envolver,…) latas e briks; tamén depositade nesta bolsa o papel de aluminio. Non botedes aquí os residuos de plástico que non sexan envases (xoguetes, rotuladores,…).

Contedor VERDE. Debedes depositar residuos orgánicos (restos de alimentos vexetais, mondas de froita, etc).

Os materiais non reciclables (que non correspondan a ningunha destas bolsas) depositádeos na papeleira de sempre que tedes na clase (rotuladores, xoguetes, viruta dos lapis, restos de comida non vexetais…).

Meteoescolas

METEOROLOXÍA

6º

A meteoroloxía é a ciencia responsable do estudo do tempo atmosférico.
Desde a máis remota antigüidade tense constancia da observación dos cambios no clima. Os antigos exipcios asociaban os ciclos da enchida do río Nilo cos movementos das estrelas, e os babilonios predecían o tempo guiándose polo aspecto do ceo…
Os progresos posteriores débense aos novos instrumentos máis precisos.
Galileo construiu o termómetro no ano 1607, no 1643 Torricelli inventou o barómetro. O anemómetro construiuno Robert Hooke no ano 1667 e no 1780 Horace Saussure construiu un dos máis importantes instrumentos meteorolóxicos, o higrómetro a cabelo.
Hoxe en día cóntase coas estacións meteorolóxicas compostas por aparellos nos que se realizan medidas de distintas variables atmosféricas.
A estación meteorolóxicas do noso colexio conta cos seguintes instrumentos:

- O anemómetro co que se mide a velocidade do vento.
- O barómetro co que se mide a presión atmosférica.
- O higrómetro co que se e mide a humidade.
- O pluviómetro co que se mide a auga que cae.
- O termómetro co que se mide a temperatura máxima e mínima.

Este ano os alumnos do 3º ciclo participamos no PLAN PROXECTA: METEOESCOLAS.
Somos os encargados de recoller os datos na estación meteorolóxica todos os días ás nove da mañá, calculámolos e logo expoñémolos no taboeiro, e así os nosos compañeiros pódense enterar da temperatura, precipitacións...
Estes datos utilizámolos nas clases para facer gráficos e comparar as temperaturas, precipitacións.., de distintos meses.
Aínda que ás veces chove moito ou vai frío gústanos facelo, xa que aprendemos cousas que de outra maneira non sería así.
Seguro que nun futuro, algún de nós será un famoso meteorólogo.